



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Señorán, María del Mar
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Abellás, Adolfo
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente

PDI-A:

García Piño Antonio
García-Pintos Escuder Adela
Llamas Nistal Martín
Pérez Cota Manuel
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Blanco García, Adrián
Campanini Cañfaro, Micaela
Fernández Alvarado, Hadrián
Martínez Rey, Adrián
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pereira Sánchez, Pablo

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Carrera, Jaime
García Fontán Soledad
González Santamaría Pedro
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Mcana Martínez Juan Carlos
Rubio Anesto, Belén

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 2 de marzo de 2015, convocada para as 9:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día 2 de marzo de 2015 ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede do Regulamento de uso da lingua galega na Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2015/16.
5. Aprobación se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.
6. Aprobación, se procede do calendario e o procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/2017.
7. Aprobación, se procede, da creación da Comisión de Calidade e do seu regulamento.
8. Aprobación, se procede, da proposta de prezos mensuais para o curso 2015-16 dos complexos residenciais universitarios.
9. Proposta de nomeamento, se procede, de Dña. Henar Quintas Salgado, en representación do persoal de administración e servizos, na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Informática.
13. Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do PDI, PAS e alumnado na Comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo.
14. Aprobación, se procede, da proposta de regularización da cesión de terreos en favor de CITE XVI.

15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – *Convenio de colaboración entre la Universidad de Vigo, el rector, el director y los académicos de la Universidad de Cambridge, mediante sus departamentos, la Junta Examinadora de la University of Cambridge y Cambridge English Language Assessment* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle A.C. (México)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle A.C.* para el intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Santa Rosa Jáuregui (México)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Santa Rosa Jáuregui* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional del Chaco Austral (Argentina)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Tierra del Fuego, Antártida e Islas del Atlántico Sur (Argentina)* – Acordo de cooperación Inter-Institucional entre a *Hochschule Bremerhaven* (Universidade de Ciencias Aplicadas, Alemaña) e a Universidade de Vigo, para un programa de dobre grao en *Bachelor of Arts in Business Administration* en *Hochschule-Bremerhaven* e Grao en Administración e Dirección de Empresas.
16. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de xaneiro de 2015.

Ao non haber alegacións, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Comeza o reitor dando conta do acontecido tralo último Consello de Goberno en relación co Decreto que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, coñecido como decreto 3+2. Lembra que xa comentara que o ministro ía continuar co seu desenvolvemento, como así foi, a pesar de non ter o informe positivo do Consello de Estado e no único que cedeu foi na súa implantación inmediata.

- a) Informa do desenvolvemento dunha xuntanza monográfica da CRUE en relación con este tema. Nesa xuntanza, acordouse unha moratoria na implantación do decreto, tras votación a man alzada, realizada así por supoñer un compromiso. A moratoria recibiu o voto positivo de todas as universidades públicas, e tamén das principais privadas. Votaron en contra a universidade privada Camilo José Cela e catro se abstiveron: tres privadas pequenas e a Universidade San Pablo Ceu. A dúbida existente relativa á posición das universidades catalás. Explica o reitor que a Universidade Pompeu Fabra tiña xa previstas titulacións coa estrutura 3+2, en cooperación con universidades estranxeiras. Polo que acordaron aprobar a moratoria, establecendo a excepcionalidade de aprobación de propostas 3+2 en títulos novos, non existentes noutras universidades e vencellados á internacionalización. O debate sobre o calendario da moratoria activou a realización dum seminario ou xornada, do que pasa a informar a continuación.
- b) Esta xornada, indica o reitor, celebrada pola CRUE o 16 de febreiro en torno aos cambios estruturais nas ensinanzas universitarias en España, serviu como foro estudio, análise e reflexión tras da aprobación do Real decreto. Nela se definiron comisións para a avaliación das titulacións, estudándose o que se está a realizar noutros países europeos, nos que estase comezando a avaliar os resultados da aplicación de Bolonia da maneira que se decidiu en cada país, xa que, en contra do que se pretende facer crer na actualidade, non todos os países teñen a estrutura 3+2, senón que existen pluralidade de opcións.

Tamén se está avaliando a concordancia con América latina, xa que en todos estes países a duración dos estudos é 4+1, do mesmo xeito estase a considerar que mesmo en Estados Unidos se analiza a posibilidade de cambiar do actual 3+2 a outra estrutura.

Polo tanto, trátase de analizar a partir como facer a transformación das titulacións a partir do 2016. Insiste o reitor en que o debate debe estar dentro da comunidade universitaria, polo que deben extraerse da CRUE as recomendacións xenéricas, para despois debatelos no seo da propia comunidade. Explica que debe analizarse título por título conxuntamente cos colexios profesionais, para valorar cal é a mellor alternativa cara ao futuro dos alumnos e a súa inmersión laboral. Establécese como posible data para este proceso finais de ano.

Nesta xornada, indica o reitor, considerouse a dificultade extra de que este sexa ano electoral, xa que os cambios de goberno poderían afectar ao desenvolvemento desta normativa. Esta inseguridade afecta mesmo ás universidades que queren adoptar o 3+2, xa que supón un risco realizar unha modificación deste tipo, sen ter a seguridade de pervivencia, polo que se require prudencia nas decisións.

Continúa explicando a dificultade de definir o modelo universitario que defende este goberno, xa que dos decretos aprobados só se pode deducir que encaixan coas liñas económicas defendidas, tanto o decreto de taxas como o de bolsas e este actual de redución da duración das titulacións. Engade que aos académicos non nos compete entrar na cuestión do modelo político, xa que non se explicita, senón que deben ser os axentes sociais os que o analicen. Pero que a reivindicación que defende como reitor da UVigo é que todos os estudantes poidan ter acceso ás titulacións de grao e aos mestrados, isto é, que non existan barreiras económicas para que todos poidan ter a mellor formación para acceder ao mercado. Polo que o seu compromiso é seguir a traballar na mellora dos prezos, xa que, aínda que recoñece que en Galicia minimizouse o impacto do decreto, este aspecto é preliminar á negociación da estrutura dos títulos. Explica que esta negociación realizarase conxunta no sistema galego, para que, cando menos en Galiza, a homoxeneización exista; e engade que o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación universitaria quere coñecer o que se está considerando nas universidades, e quere contribuír a despexar as incógnitas. Dado que a duración dos títulos ten moito que ver co marco regulador, en canto a análise comece, vai empezar a preguntárselle acerca das posibilidades normativas que se poderían aplicar, xa que pode haber consideracións asimétricas nos distintos títulos.

De novo, reitera a necesidade de avanzar con prudencia, polo que será imposible facer cambios antes de setembro do 2016. Engade o reitor que o primeiro grupo de traballo será a nivel de equipos de goberno, e nel analizaranse as propostas da CRUE, para que o debate se poida trasladar posteriormente á comunidade universitaria. Neste proceso é vital a participación do alumnado. E neste punto salienta o problema da Universidade de Vigo, ao non ter un consello de estudantes, xa que os Estatutos non o recoñecen, non dispoñemos de representación na CREUP. Polo tanto, trala constitución da Comisión de Modificación de Estatutos, procederáse á creación dun grupo de traballo coa vicerreitora de Estudantes, para levar a cabo a modificación da normativa de permanencia. E a través de este grupo conseguirase a participación do alumnado na CREUP, xa que logrouse a invitación para que os estudantes participen no debate.

Finaliza o reitor subliñando que neste proceso intentarase que o impacto do decreto sexa o menor posible no sistema universitario, e refírese a sorpresa coa que o ministerio recibiu o acordo de moratoria e que non comezara unha carreira competitiva entre universidades, como se prevía.

Prosigue co seu informe o reitor dando conta da xuntanza do día 27 de febreiro do Consello Reitor da Rede de Campus de Excelencia do ámbito mariño, CEIMARNET, reunido na Universidade Politécnica de Cartagena, que integra a 14 universidades, centros de investigación como el CSIC, o Instituto

Oceanográfico e a importantes empresas do sector. Trátase dun proxecto básico para a consolidación do Campus de Excelencia do Mar.

Nesa xuntanza acordouse poñer en marcha unha oferta conxunta de másteres interuniversitarios no campo das ciencias e tecnoloxías mariñas no marco da rede CEIMARNET, correspondéndolle á UVigo a coordinación do de pesca.

Explica o reitor que, por primeira vez acudiu o novo secretario xeral de Universidades do Ministerio Educación, Cultura e Deporte, Juan María Vázquez, quen amosou o seu interese e o seu compromiso. Dá a benvida o reitor a este apadriñamento, xa que todo este traballo estase facendo sen axuda, nin apoio. Verase se a partir de agora poderase incluír un apoio ao campus de excelencia internacional.

Finalizada esta parte do seu informe, cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para realizar a presentación da liquidación de contas e do informe do tribunal de contas.

Saúda o vicerreitor de Economía e Planificación quen explica que o venres 27 presentouse diante da Comisión Económica do Consello Social para dar cumprimento ao apartado 5 do artigo 81 do Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público, que indica que as universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo, co obxectivo de que, no caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder á unha redución de gastos do orzamento de gasto para o período seguinte por contía igual ao déficit producido, na primeira sesión que celebre.

Lembra o vicerreitor que en decembro explicara que a aprobación do proxecto Táctica nos últimos días do ano 2013, produciu un importante aumento dos ingresos sen posibilidade de executar gastos e que xa advertira que iso tería o seu efecto en anos posteriores, xa que eses gastos deberán executarse neses exercicios, polo que dende o punto de vista da liquidación do orzamento, sería difícil volver a pechar con remanente favorable. Con todo, 2014 pechouse con un superávit orzamentario nas operacións non financeiras, con motivo da execución máis lenta dos proxectos, de xeito que este risco se traslada ao 2015, motivo polo cal repite as súa advertencia a este respecto.

Informa de que tamén foi presentada a Carta de Avance do Informe de Auditoría, e conclúe este apartado indicando que a Universidade de Vigo cumpre coa esixencia do Decreto lei, polo que o Consello Social non terá que intervir no orzamento do ano que vén.

Continúa o vicerreitor de Economía e Planificación dando conta da aprobación por parte do Tribunal de Contas do Informe de Fiscalización das Universidades Públicas 2012. Trátase dun informe exhaustivo de 1200 páxinas no que se fiscalizan 51 universidades, que corresponden a: 47 universidades públicas e universidades especiais como a Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) e a Universidad Internacional de Andalucía (UNIA). Neste informe se relaciona todo tipo de datos referentes ás universidades, non só económicas, senón que tamén se realiza o exame da organización administrativa e docente e dos sistemas de control interno existentes.

Indica o vicerreitor que, a nivel económico, a foto que sae da UVigo é positiva en relación a maior parte das universidades españolas e galegas. Pero comenta que foi enviado un escrito ao Tribunal de Contas protestando pola publicación do informe antes de permitir a súa análise, xa que aparecen a pé de páxina notas que parecen implicar que non se ofreceron informacións axeitadas por parte da UVigo. Esta situación deriva de dous problemas; un deles xurdiu ao non poder incluír o Fondo de Continxencias da UVigo no cuestionario a cubrir para remitir a información ao Ministerio, xa que non estaba contemplada esta partida. O segundo problema é aínda máis precario: produciuse un desaxuste nos datos do balance económico debido a un erro de transcripción dos mesmos. Ambos aspectos poderían ser subsanados doadamente. Resalta o vicerreitor que este Informe de Fiscalización dá unha idea do nivel de control ao

que está sometida a universidade pública española, polo que se pon de manifesto a limitación da autonomía e a dificultade na toma de decisións das universidades.

Finalizado o informe, pregunta o reitor se algún membro do Consello de Goberno precisa algunha aclaración en relación cos temas tratados, e ao non haber intervencións ao respecto, prosigue co seguinte punto da orde do día.

Punto 3. Aprobación, se procede do Regulamento de uso da lingua galega na Universidade de Vigo.

Comenta o reitor que están invitados pola súa relación con este punto o Director da Área de Normalización Lingüística, D. Paulo Cabral Pedreira, e o Comisionado de Plans Estratéxicos, D. Francisco Xabier Martínez Cobas, por si foran precisas aclaracións técnicas ao respecto do documento presentado.

Presenta o reitor o documento deste regulamento elaborado en base a un texto propio da área de normalización lingüística da UVigo, tras consultar os regulamentos da USC e UDC e que nace co obxectivo de responder ás necesidades de: Cumprir o mandato legal de protexer e potenciar o uso da lingua galega; harmonizar os usos lingüísticos; homoxeneizar a imaxe corporativa en materia de lingua a través dun marco de referencia globalmente válido; homologar a normativa de uso da lingua galega coa das outras institucións do sistema universitario galego; responder ás chamadas de institucións como a Real Academia Galega para implicármonos na extensión dos ámbitos de uso do galego, garantir a atención no noso idioma e aumentar o prestixio da lingua propia do país, e facer fronte aos novos retos que supón a internacionalización: que o galego acompañe a apertura ao multiculturalismo e ao plurilingüismo.

Indica o reitor que se trata dun regulamento para uso institucional do galego, elaborado cun espírito aberto. Sen exclusións, garantindo o uso do galego xunto ás outras linguas. Neste documento non se recollen completamente os usos de todos os ámbitos da vida da comunidade universitaria, senón o institucional, de xeito que outras iniciativas, como as levadas a cabo para aumentar o uso do galego na docencia e na investigación están sendo tratados mediante elaboración de plans específicos na propia Universidade, como na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística. Así mesmo, as demandas concretas de colectivos universitarios serán atendidas mediante regulamentos específicos ou seguido proceda. E aspectos como os modelos de documentos, títulos etc., virán determinados pola adaptación á normativa ou aos acordos que subscriba a Universidade.

Finalizada a presentación, ábrese unha rolda de intervencións e toma a palabra o profesor Pou Saracho para preguntar se se abriu un período de exposición pública para que a comunidade puidera facer achegas. Indica que o regulamento da USC é antigo e habería que modificalo. Responde o reitor que non se abriu ese período de consultas, pero realizáronse as correspondentes actualizacións, xa que se pretende que sexa un marco global.

Explica o profesor Pou Saracho que debe actualizarse para que non quede só no papel. Responde o reitor que, en efecto, debe ser un documento de actualización permanente para lograr esa utilización.

Apróbase por asentimento o Regulamento de uso da lingua galega na Universidade de Vigo (**Anexo I**).

Punto 4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2015/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen realiza a presentación da documentación na que constan os límites de prazas para os títulos de grao, agrupados

por campus e centros, e que foi achegado as/os membros do Consello de Goberno xunto coa convocatoria. Informa de que estes límites foron xa tratados na COAP, que informou favorablemente.

Engade a vicerreitora que con data de hoxe foi recibida unha solicitude da Facultade de Ciencias Sociais relativa á modulación das prazas ofertadas en Dirección e Xestión Pública, que pasaría de 30 prazas presenciais e 15 semipresenciais a 20 e 25, respectivamente. Tendo en conta que esta petición respecta o contido da memoria de verificación, o total de prazas o mínimo esixible polo decreto para campus periféricos e que, en todo caso, de non cubrirse, as prazas reverterían á outra cota, non ve dificultades na súa aprobación.

Respecto das titulacións de máster, indica a vicerreitora que ata a semana pasada non se coñeceron os títulos que se poderían ofertar para o curso 15/16. Tendo en conta que a previsión é que desde a Consellería pidan o límite de prazas esta mesma semana, solicita do Consello de Goberno que delegue expresamente na CEP a aprobación destes límites.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 5. Aprobación se procede, de solicitudes de nomeamento de profesorado emérito.

Cede a palabra o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen presenta a solicitude de nomeamento como profesor emérito da UVigo do profesor Federico Vilas Martín. Indica que é a única solicitude presentada, e que na documentación achegada xunto coa convocatoria figura a petición, acompañada do CV e o plan de traballo para este período, como require a normativa. Engade a vicerreitora que a solicitude ten informe favorable do Departamento e da COAP, polo que se propón a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal quen desexa facer constar o seu comentario. Expressa que, na súa opinión, este nomeamento é unha gran noticia para a Universidade de Vigo, tanto polo talento do profesor Vilas como polo que este profesor representou e representa nela. A súa aportación é moi valiosa, polo que alégrase de que continúe a súa vinculación á UVigo.

Apróbase por unanimidade.

Punto 6. Aprobación, se procede do calendario e o procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/2017.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado presenta a proposta de procedemento que foi achegada na documentación enviada aos membros do Consello de Goberno, á que se engaden como anexos os calendarios para grao, máster e doutoramento, e indica xa foron informados positivamente pola correspondentes comisións, COAP, a CEP e a comisión permanente da EIDO.

Explica a vicerreitora que se trata dun documento e uns calendarios similares aos presentados nos últimos cursos, con dúas modificacións. Por unha banda, os prazos adiantáronse con respecto a outros anos xa que, por esixencias do Ministerio e da Consellería, as solicitudes deben ser presentadas á Xunta de Galicia antes do 31 de xullo de 2015, mentres que nos cursos anteriores este prazo era ao final de outubro ou en novembro.

O segundo cambio refírese á posibilidade de solicitar algunha nova titulación de grao que poida ser considerada estratéxica para a institución. Aínda que a normativa vixente permite a solicitude de novos títulos de grao, a consellería non aceptou a tramitación de ningún título novo nos últimos anos. Sen embargo, o pasado ano na sesión do consello galego de universidades, o conselleiro deixou aberta a

porta a un novo título no Campus de Ourense, a raíz do informe desfavorable de verificación de Enxeñaría Física, que impediu a súa implantación. Neste senso, como xa é sabido, particularmente no Campus de Ourense, na vindeira sesión do Consello de Campus de Ourense o reitor presentará unha proposta de título para este Campus. De ser aprobada, a expresión de interese será presentada ante o Consello de Goberno para a súa valoración e que o propio Consello estableza o procedemento concreto para ese título.

Apróbase por unanimidade (**Anexo III**).

Punto 7. Aprobación, se procede, da creación da Comisión de Calidade e do seu regulamento.

Informa o reitor ao comezo deste punto que está convidado a este Consello o Director da Área de Calidade, D. Xosé M^a Gómez Clemente, por se fora precisa algunha aclaración técnica relativa a este regulamento. Cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora expón a intención da creación da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo. Trátase de camiñar cara a unha política de calidade institucional e de atopar un foro no que debater e facer o seguimento das políticas de calidade.

A Comisión de Calidade será presidida polo reitor e terá representación de todos os sectores da Universidade. É unha comisión cun gran número de membros que se divide en dúas subcomisións, nas que se tratarán por unha banda as cuestións de calidade de carácter académico e por outra banda as relativas á calidade nos servizos.

Co regulamento proposto, iníciarase o funcionamento desta comisión, que podería estar recollida neste ou noutro formato nos novos Estatutos que estamos a elaborar, pero que debería ser un eixo central de funcionamento. En todo caso, a Comisión poderá propoñer a modificación deste regulamento coa intención de mellorar o seu funcionamento. Como se aprecia no documento presentado, as competencias da Comisión aparecen no artigo 5 e son amplas, non só para establecer as liñas básicas e directrices do sistema de calidade da universidade, senón tamén para realizar o seguimento e fomentar as sinerxias entre os distintos ámbitos. Para exercelas contará co apoio da Área de Calidade e dos servizos da Universidade de Vigo.

Ao non haber preguntas ao respecto, apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

Punto 8. Aprobación, se procede, da proposta de prezos mensuais para o curso 2015-16 dos complexos residenciais universitarios.

Cede a palabra o reitor ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Expón o vicerreitor que na información presentada aos membros do Consello de Goberno xunto coa convocatoria, recóllese a proposta da empresa RESA para as residencias universitarias. Indica que os prezos seguen a estar por debaixo dos máximos autorizados. Explica que na proposta figura a residencia das Burgas en Ourense, xa que, aínda que nestes momentos non está en funcionamento por causas alleas á Universidade, teñen a obriga de presentar as tarifas.

Apróbase por asentimento a proposta de prezos para o curso 2015-16.

Punto 9. Proposta de nomeamento, se procede, de Dña. Henar Quintas Salgado, en representación do persoal de administración e servizos, na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra novamente ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen explica que de acordo co artigo 6.6 do Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, os membros da Comisión de Mobilidade Internacional serán nomeados polo reitor ou reitora por proposta do Consello de Goberno. A representante do persoal de administración e servizos que actualmente formaba parte desta comisión solicitou a baixa, polo que propónse nomear a dona Henar Quintas Salgado, actual xefa de negociado da Unidade de Relacións Internacionais, na súa substitución.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

Cede a palabra o reitor ao xerente, para que realice a presentación deste punto.

O xerente expón que no último Consello de Goberno de 2014 presentouse para a súa aprobación esta modificación parcial da RPT, e que foi retirada a petición do presidente Xunta PAS á agarda da presentación do preceptivo informe. O devandito informe xa foi recibido e achegouse coa documentación deste Consello. Explica que, polo tanto, seguíronse todos os pasos preceptivos na negociación e na presentación para a súa aprobación neste Consello de Goberno.

Intervén o Sr. Xoán Cebro, quen di que este punto foi retirado do mencionado Consello de Goberno para crear un bo clima de negociación, como indicou o reitor, polo que estando nestes momentos en plena negociación non se entende que se traia de novo agora. Continúa indicando que estas prazas están na mesa de negociación, máis aínda as da OFOE que está pendente de xudicialización, que xa foron traídas aquí fai un ano, e agora se volven a traer para outra modificación parcial. Amosa o seu acordo na necesidade dunha modificación da RPT, xa que se está en momentos difíciles, pero indica que se lle propuxo ao xerente unha liña vermella: que ningún funcionario PAS con destino definitivo na UVigo teña a obriga de concursar. Comenta a difusión, a través das listas de correo, dun documento cunha comparativa das proporcións (PDI+ estudantes)/PAS das tres universidades galegas, que amosa a desfavorable situación da UVigo e engade que non se pide un crecemento, pero que non se entende esta modificación durante unha negociación global.

O reitor explica que foi a súa decisión retirar o punto do debate do Consello de Goberno de decembro, e adíuse ata recibir o informe e que se negociara a nova RPT. Unha vez comezada esta negociación, tráese de novo, porque a modificación é esencial para levar a cabo unha función importante en relación co estudantado. Insiste en que se trata dunha modificación mínima e na que ademais hai acordo entre os implicados, polo que considera que non debería haber problemas na súa aprobación.

Para aclarar a importancia da creación desta Unidade de Emprego e Emprendemento, cede a palabra á vicerreitora de Estudantes.

Explica a vicerreitora que esta unidade créase para dar soporte administrativa a todos os procedementos que derivan dos tres grandes bloques de traballo:

- Emprego: Na actualidade ademais do relacionado con ofertas de emprego e orientación, competencias que antes correspondían á OFOE, darase un importante impulso coa creación do Observatorio do Emprego, e a incorporación da xestión do Foro de Emprego e outros procesos que ata o de agora estaban diseminados en distintas áreas da Universidade.
- Emprendemento (antes competencia da Vicerreitoría de Transferencia): é unha liña fundamental de traballo, e para o programa INCUVI-Emprende esta unidade dedica grandes esforzos, xa que

realiza a convocatoria, difusión, recepción de proxectos, comprobación, dá soporte ás comisións de avaliación e organiza os actos de entrega de premios. A iso se suma a formación e seguimento dos emprendedores. Indica a vicerreitora que a posible incorporación ao programa YUZZ suporá un esforzo maior.

- Prácticas académicas externas: destaca a vicerreitora que dende a implantación de Bolonia, as prácticas externas curriculares pasan a ser unha parte integrante de case todos os planes de estudo en titulacións de grao e máster. Polo que, si ben é certo (como se apuntou no Consello de Goberno de decembro) que a FUVI, a través da encomenda de xestión, encárgase da xestión das prácticas extracurriculares (o que supón unhas 1160 neste curso), as curriculares supoñen preto de 4000 prácticas. É certo que estas, di a vicerreitora, xestionáanse dende os centros, pero tanto a tramitación dos convenios, a coordinación, interpretación da normativa, informes etc., realízase nesta unidade, polo que constitúe un importante apoio dos centros. E no caso de dimensionarse correctamente a unidade, podería liberarse parcialmente aos centros da xestión das mesmas. Engade tamén, que no caso das prácticas extracurriculares, ese apoio se realiza tamén coa FUVI, xa que a encomenda de xestión non supón a cesión da competencia, polo que a entidade encomendante debe ditar todos os actos que dean soporte á actividade. De tal xeito que, aquelas cuestións que saen dun guión establecido, son derivados á unidade de emprendemento.

Continúa a vicerreitora a súa exposición, e engade tres razóns en relación coas prácticas polas que é necesaria a creación desta unidade:

- A existencia de un convenio xenérico para toda a universidade que abarca as prácticas curriculares e extracurriculares de tódolos alumnos de calquera titulación e Campus
- O deseño, coordinación, xestión e control dun aplicativo que xestione todos os procesos relativos a prácticas curriculares e extracurriculares como ofertas de emprego.
- A elaboración, actualización e interpretación da normativa propia en relación as prácticas e dos documentos de xestión e control.

Finaliza a vicerreitora subliñando que non é unha oficina de prácticas, senón que é unha unidade que dá apoio a todo o relativo ao emprego, programa de formación moito máis ambicioso da que existía, polo que resulta imprescindible persoal que poda facerse cargo de proxectos que ata o de agora quedaban fóra porque non se podían asumir.

O reitor apela á xenerosidade institucional do presidente da Xunta PAS, para que entenda que se trata de profesionalizar os efectivos que estaban espallados e coordinalos cunha figura axeitada. Non se levarán a cabo modificacións a maiores, polo que non é unha perda na negociación, trátase dun aspecto importantísimo para a Universidade que debe ser levado adiante de xeito profesional e correcto. Non debe entenderse como unha imposición.

Responde o Sr. Cebro afirmando que a vicerreitora ten amosado argumentos de peso, polo que invita a participar na mesa de negociación. Indica que os argumentos presentados son sólidos e, diante desa exposición, o outro lado da mesa non se opón. Comenta que eles non supoñen un atranco na negociación, senón que tamén desexan aportar. Traslada a opinión de que o mesmo que sucede nesta unidade sucede noutras, como por exemplo as de grao – posgrao, nas que explica as diferenzas entre Vigo, Ourense e Pontevedra. Pide uniformidade na xestión, xa que ao final o pagan os alumnos e o PDI. Explica que en vista das explicacións recibidas non vai votar en contra, pero vaise abster.

Agradece o reitor a súa xenerosidade e prevé un gran traballo na negociación, indicando que haberá que intentar solucionar os problemas que se presentaron neste Consello de Goberno.

O Sr. Luis Pérez indica tamén que se vai abster na votación, polo que apróbase a modificación parcial da RPT, con dúas abstencións (**Anexo V**).

Punto 11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que a proposta de Regulamento de réxime interno xa foi aprobada na Xunta de Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e foi revisada polo Servizo de Asesoría Xurídica que, no seu informe, realizou algunha pequena suxestión que xa foi incorporada e verificada, polo que se presenta a este Consello de Goberno para a súa aprobación.

Intervén a profesora Rosa Pérez para indicar que a memoria presentada ten unha gran cantidade de erros tipográficos e faltas que poderían ser debidas ao uso dun corrector.

Responde a secretaria xeral que, en efecto, esa pode ser a causa, pero que será verificado e corrixido.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Informática.

Cede o reitor novamente a palabra á secretaria xeral, quen explica que, neste caso, o texto aprobado polo Consello de Departamento recibiu un informe favorable da Asesoría Xurídica, polo que non foi necesario realizar modificacións e propónse a súa aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

Punto 13. Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do PDI, PAS e alumnado na Comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo.

O reitor informa de que foi invitada a participar a Directora da Unidade de Igualdade, D^a Ana Isabel González Penín, por se fora preciso algún tipo de aclaración

Informa de que o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo aprobado na sesión do Consello de Goberno do 26/11/2014, e establece no seu artigo 9 a composición da Comisión de Acoso Sexual (CAS) e especifica que o nomeamento das persoas representantes de PDI, PAS e alumnado corresponderá ao Consello de Goberno a proposta da Comisión de Igualdade. Seguindo este procedemento, a Comisión de Igualdade na súa sesión do 4/02/2015 acordou propoñer as seguintes persoas:

- Ana Isabel González Penín, como directora da Unidade de Igualdade, presidenta
- Esther Pillado González, representante do reitor. O seu suplente será Pablo Grande Seara
- María Lameiras Fernández, representante de PDI A súa suplente será Yolanda Rodríguez Castro
- Luis Pérez Gómez, representante de PAS. A súa suplente será María José Ríos Santomé
- Alexandre Louzao Carreira, representante do alumnado
- Emilio Martínez Rivas, representante da Xerencia, secretario

Punto 14. Aprobación, se procede, da proposta de regularización da cesión de terreos en favor de CITEXVI.

Informa o reitor da invitación no Consello de Goberno do director Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas, D. Héctor Álvarez Arias, por se fora precisa algunha aclaración técnica.

Cede a palabra o reitor ao xerente da Universidade para realizar a presentación deste punto. Expón o xerente que esta regularización supón unha adecuación da cesión que no seu momento realizou a Universidade ao CITE XVI á realidade actual. Naquel momento aprobouse a cesión dunha parcela de 20370 m², na que se construíu o edificio da Cidade Tecnolóxica de Vigo, e unha parcela en reserva de outros 20000 m², tal como se pode ver nun dos planos que se achegan.

A propia evolución das necesidades da Universidade, coa creación do animalario e outras dependencias meses terreos, fai necesaria esta regularización. Polo que se propón a cesión do dereito de superficie dunha parcela de 23129 m², como se reflicte no terceiro dos planos que se achegan coa documentación.

Finalizada a presentación, pregunta o reitor se algún membro do Consello de Goberno precisa algunha aclaración ou desexa intervir.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal, quen manifesta a súa discrepancia, en primeiro lugar polas formas, xa que considera que a documentación presentada en relación con este punto debería conter un texto explicativo que fundamentase a decisión que se quere tomar. E en segundo lugar, expresa a súa discrepancia de carácter político, que incumbe á conveniencia ou non da cesión de terreos á empresas privadas. Lembra que moitos nesta Universidade negáronse a elo no seu momento, e el é consecuente con esa decisión. Continúa expoñendo que hai que apostar polos centros tecnolóxicos da propia Universidade, xa que unha vez que se fai cesión dese terreo, queda furtada a posibilidade de que sexan utilizados por centros que poidan establecer sinerxias entre grupos de investigación da Universidade. Comenta tamén que a actual cesión supón que a empresa gaña case 3000 m².

Responde o xerente repetindo que a cesión inicial eran 20370 m² e outros 20000 m² en previsión, polo que en realidade non se aumenta a cesión, só se realiza un axuste á realidade actual, unha precisión técnica, dada a existencia de infraestruturas na parcela.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación dicindo que entende a coherencia do profesor Rodríguez Berrocal, pero o debate político acerca desta cesión xa tivo lugar fai 10 anos; na actualidade téntase realizar unha adaptación técnica á realidade.

Explica o reitor que esta actuación tenta deixar liquidado o acordo que se tomou naquel ano, co cal queda pechada aquela oferta inicial de máis de 40000 m², agora axústase e límitase ao espazo onde está a Cidade Tecnolóxica de Vigo.

Replica o profesor Rodríguez Berrocal que a parcela que se deixara en reserva non tería que cederse necesariamente ao CITE XVI, podería limitarse a cesión á parcela inicial. Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que a previsión se realizara no acordo acadado no 2005.

Finalizado o debate sen máis intervencións, propónse a aprobación da proposta de regularización da cesión de terreos en favor de CITE XVI. O profesor Rodríguez Berrocal solicita votación, e esta realízase a man alzada co seguinte resultado:

Votos a favor da proposta, 29; votos en contra, 2; abstencións, 8.

Polo tanto, apróbase a proposta presentada.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – *Convenio de colaboración entre la Universidad de Vigo, el rector, el director y los académicos de la Universidad de Cambridge, mediante sus departamentos, la Junta Examinadora de la University of Cambridge y Cambridge English Language Assessment* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle A.C.* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La*

Salle A.C. para el intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Santa Rosa Jáuregui* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Santa Rosa Jáuregui* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional del Chaco Austral (Argentina)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Tierra del Fuego, Antártida e Islas del Atlántico Sur (Argentina)* – Acordo de cooperación Inter-Institucional entre a *Hochschule Bremerhaven* (Universidade de Ciencias Aplicadas, Alemaña) e a Universidade de Vigo, para un programa de dobre grao en *Bachelor of Arts in Business Administration* en *Hochschule-Bremerhaven* e Grao en Administración e Dirección de Empresas.

Declara o reitor que non existe ningún aspecto salientable destes proxectos que sexa necesario comentar, polo que propón a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16. Rogos e preguntas.

Inicia o reitor unha rolda de palabras. Solicitan intervención: o profesor Bienvenido Diez; o profesor Pérez Abellás; o Sr. Xoan Cebro; o Sr. Fernández Alvarado; o Sr. Pato Rodríguez; o profesor Higinio González; e o profesor Reigosa Roger.

Comeza a rolda o profesor Bienvenido Diez, quen formula unha serie de cuestións:

- Solicita que na Comisión de modificación de Estatutos se invite a un representante sindical
- Pregunta pola posibilidade de contratos de investigadores para as figuras en extinción
- Solicita que se debata na Mesa de negociación unha normativa de concesión de eméritos

Responde o reitor, con respecto ao primeiro punto, que a representatividade sindical vai incluída na proposta de regulamento interno, que será debatido na xuntanza inicial de constitución da Comisión, pero como se plasme dita representatividade é a propia Comisión quen debe decidilo. En canto ao segundo punto, refíre o reitor que as conversas que se mantiñan coa conselleira de facenda víronse suspendidas cando foi nomeada candidata a alcaldía de Vigo, polo que agora está a comezar as conversas co novo conselleiro de facenda. En relación ao terceiro punto toma nota da súa suestión.

O profesor Pérez Abellás pregunta pola cuestión que formulou no Consello de Goberno anterior, en relación coa falta de resposta da Universidade á petición da Deputación de Ourense a participar no proceso de selección de persoal. Cede o reitor a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense, quen responde que a petición da Deputación foi recibida pola Secretaría do reitor, quen a derivou a Xerencia. Nese escrito solicitábanse datos sensibles do persoal, polo que considerouse preferible non subministrar ese datos, non participando no proceso. Destaca o vicerreitor que do mesmo xeito actuaron as outras administracións públicas.

Toma a palabra o Sr. Xoan Cebro para solicitar, en primeiro lugar, unha resposta aos escritos presentados en xuño, como presidente da xunta PAS, con respecto dunha praza de Fisioterapia, no que se reclamaba un axuste de salario ao nivel de servizos que realiza. En segundo lugar, pregunta por que se tomou a decisión de implantar a facturación electrónica de todas as facturas, cando a lei só obriga a seguir este procedemento para importes superiores aos 5000 euros. Por último, informa que veñen de presentar unha reclamación contra os correos electrónicos que acusan a un traballador da Universidade de incumprimento das súas funcións, con acusacións de filtracións de información. Solicita que se investigue este caso e, de non ser certo, que se tomen medidas en contra dos propietarios das contas dende as que se fan esas acusacións. Maníftesta que non se pode acusar a un traballador de feitos tan graves. Indica que seguirán este caso ata o final.

Responde o reitor con respecto deste último tema, declarando que a Reitoría é moi seria na súa actuación, e esta se basea nos informes do Servizo de Asesoría Xurídica, e non se afastará desta liña. Confirma o reitor coa secretaria xeral que, en efecto, chegou esa petición, e que está sendo informada. Explica o reitor que nos movemos dentro do ámbito da Lei do emprego público, en ocasións preténdese que a administración arranxe temas que non son susceptibles de expediente disciplinario, senón que deberán dirimirse no terreo xudicial. Lembra que, en cambio, si é causa de apertura de expediente os casos de insultos á autoridade da institución e, con todo, non se sigue esta vía. Fai un chamamento á cordura e á racionalidade no uso da liberdade da expresión, ao emprego dunha linguaxe axeitada que permita unha relación axeitada entre os membros da comunidade universitaria.

Para responder as outras cuestión, cede a palabra ao xerente. Con respecto á cuestión de Fisioterapia, pide desculpas se non se responderon algúns escritos, porque é un tema recorrente. Solicita que se achegue novamente e se lle responderá no prazo oportuno. En relación cos procedementos de facturación, esta Universidade realiza unha clara aposta pola administración electrónica, é consciente de que o cambio de paso implica un esforzo, pero estanse realizando reunións cos servizos, faranse manuais explicativos, e pide colaboración de todo o persoal a prol da Universidade.

O Sr. Hadrián Fernández Alvarado pregunta polas axudas de custo dos representantes de alumnos aos Consellos de Goberno. Comenta que seguen sen pagarse, preguntaron á Secretaría Xeral e lles dixeron que agardaban a que todos os alumnos enviaran os seus datos. Responde a Secretaría Xeral indicando que non tiña información de que aínda non se aboaran as axudas de custo. Darase orde para que se abonen a medida que se vaian aportando os datos dos estudantes.

O representante de estudantes, Sr. Pato Rodríguez, pregunta pola realización do acordo de rotación do Consello de Goberno. Reponde o reitor aclarando que a rotación aprobada é a do Claustro. Pero dado que o Consello de Goberno é convocado polo propio reitor, polo que a rotación pode levarse a cabo. Pregunta o Sr. Pato Rodríguez se hai datas para comezar e responde o reitor que se están a secuenciar os Consellos de Goberno en función da celebración do próximo Claustro, cando se logre, decidírase.

O profesor Higinio González explica que cando se están a negociar os proxectos ou os contratos de investigación con empresas, o persoal investigador encontra dificultades para identificar os interlocutores axeitados no Servizo de Investigación ou na OTRI para o asesoramento e tramitación. Ademais, indica que con frecuencia se poñen problemas ás condicións dos acordos. Esta situación é especialmente problemática tendo en conta as limitacións de tempo asociadas aos prazos das convocatorias.

Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia. Indica en primeiro lugar que se está a mellorar as canles de comunicación entre os servizos e o persoal investigador, para facilitar os procesos de tramitación de convocatorias. A continuación apunta que é moi importante que o persoal investigador sexa consciente, dende a responsabilidade institucional, das precaucións que se deben aplicar na negociación das condicións dos proxectos de investigación con outros organismos de investigación ou con empresas. Explica a vicerreitora que o persoal investigador tende a querer aceptar aspectos propostos polos socios externos á Universidade que institucionalmente non poden asumirse, como é o caso da posibilidade de renunciar aos dereitos de propiedade industrial.

Replica o Sr. González que a valoración da conveniencia de conservar ou non a propiedade industrial debe facela o propio investigador, e indica que noutras universidades si se aproban os acordos nesas condicións. A vicerreitora responde que, no que respecta ao que fan outras universidades, o proceder na Universidade de Vigo debe guiarse polo que sexa correcto e mais axeitado ao ben da institución, e non polo que fagan os outros. No que respecta á decisión de renunciar á propiedade industrial, lembra que a propiedade dos resultados de investigación do persoal da universidade non é só persoal, senón da institución á que pertencen.

O profesor Reigosa Roger presenta o rogo de que aclare o indicado no Consello de Goberno anterior, relativo á non moderación nas listas de correo. Pide que se lle envíen os acordos polos que non se leva a cabo dita moderación. Considera que se están a vulnerar os dereitos dos membros da comunidade.

Finalizada a rolda de intervencións, toma a palabra dona Micaela Campanini, quen apunta que a rotación dos Consellos de Goberno e dos claustros pode orixinar grandes dificultades de mobilidade, especialmente para os representantes dos alumnos que se trasladen en transporte público, xa que nalgúns casos non existen combinacións que permitan chegar a tempo. Solicita que se abonen as dietas con rapidez e que se analicen os problemas mencionados do desprazamento para tratar de solucionarlos.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación para explicar que xa se a dar pasos na liña de mellorar as combinacións de transporte público e, no caso concreto do Campus de Pontevedra, estase a negociar con RENFE para que haxa lanzadeiras ata o Campus. Replica a representante do estudiantado que, nese caso, é necesario comprar bonos, e para traslados puntuais non compensa. Responde o vicerreitor que para o caso concreto dos desprazamentos dos representantes do Consello de Goberno, poderíase contactar con algunha empresa que permita solucionar estes traslados puntuais.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor da por finalizada a sesión ás 12:35 h do día 2 de marzo de 2015. da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

 Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

 Gloria M. Pena Uris